



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Urbanismo. Sección de Patrimonio - Expropiacións

Rectificación das superficies afectadas nas parcelas 13 e 14 como consecuencia da alteración catastral do proxecto de expropiación por taxación conxunta para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías no sistema xeral SU-3

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 10 de xuño de 2024 adoptou o seguinte acordo:

Proxecto de expropiación por taxación conxunta para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM. Estimación recurso de reposición. Alteración catastral parcelas nº 13 e nº 14.

A proposta é do seguinte teor literal:

Logo de ver o informe da Técnica de data 05.06.2024 que a continuación se reproduce:

“ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 23 de outubro de 2023 adoptou o seguinte acordo: aprobación definitiva do Proxecto de Expropiación por taxación conxunta para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM.

O acordo de aprobación definitiva publicouse no Boletín Oficial da Provincia o 03.11.2023; na páxina de transparencia do Concello de Santiago e no taboleiro de anuncios. Así mesmo, enviouse notificación individual aos titulares dos bens e dereitos afectados, notificouse ao Ministerio Fiscal en cumprimento do artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, e publicouse no Boletín Oficial do Estado o 12.12.2023 segundo o previsto no artigo 44 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No prazo conferido ao efecto, Francisco Pombo López, en relación á finca nº 14, interpón recurso de reposición relativo á superficie da parcela expropiada. No recurso interposto indícase que se iniciou un procedemento de alteración catastral da parcela nº 14, de xeito que a parcela de referencia catastral 15079A505013780000FU, (finca nº 14 do procedemento expropiatorio), pasa de ter unha superficie de 4.755 m² a 5.360 m². Este incremento na superficie da parcela nº 14 realízase en detrimento da parcela nº 13. Xúntase como documentación, copia da proposta de resolución con acordo de alteración emitido pola Xerencia Rexional do Catastro de Galicia, Delegación Especial de Economía e Facenda da Coruña, de data 23 de novembro de 2023, con **efectos desde o 15 de setembro de 2023**.

Consultados os datos obrantes no Catastro Inmobiliario, obsérvase que o expediente de alteración na configuración da parcela está pechado.

A tenor da alteración na configuración gráfica da parcela nº 14, as superficies nas parcelas nº 13 e nº 14 do procedemento expropiatorio resultan modificadas; indícase a continuación a superficie afectada que resulta nas parcelas nº 13 e 14:

- **Parcela nº 14**, (referencia catastral 15079A505013780000FU) superficie afectada como consecuencia da alteración: **5.360 m²** (en lugar de 4.755 m², que recollía o acordo de aprobación definitiva de 23 de outubro de 2023)
- **Parcela nº 13**, (referencia catastral (15079A505018040000FP), superficie afectada como consecuencia da alteración: **2.675 m²** (en lugar de 3.280 m², que recollía o acordo de aprobación definitiva de 23 de outubro de 2023).

Con data 17.04.2024 outórgase trámite de audiencia aos titulares das parcelas nº 13 e nº 14, poñendo de manifesto a alteración catastral, remitindo a folia de aprezo resultante das modificacións catastrais e concedéndolles un prazo de 10 días para formular alegacións.

No prazo conferido ao efecto non se presentaron alegacións.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Resulta de aplicación a lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que no seu artigo 82.2 recolle o trámite de audiencia, “os interesados nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes”.

No acordo de aprobación definitiva de data 23 de outubro de 2023, se ben se deu preferencia ao parcelario catastral, o certo é que se instou unha alteración catastral. O titular da parcela nº 14 veu incrementada a súa parcela en 605 m² en detrimento da parcela nº 13

Deste xeito, ao terse producido unha modificación na configuración catastral das parcelas, procede estimar o recurso presentado, de acordo coa modificación catastral realizada con efectos “desde o 15 de setembro de 2023”, e polo tanto, anterior á aprobación definitiva do proxecto de expropiación por taxación conxunta para a creación dunha plataforma loxística.

PROPOSTA:

Sen prexuízo doutro parecer mellor en dereito ao que someto o presente informe, polo exposto, propono:

Primeiro.- estimar o recurso de reposición interposto por María Carmen Pombo López en representación de Francisco Pombo López, de conformidade co acordo de alteración catastral das parcelas nº 13 e nº 14 con efectos desde o 15 de setembro de 2023.

Segundo.- De conformidade coa alteración catastral realizada, rectificar as superficies afectadas e as follas de aprezo das parcelas nº 13 e nº 14 como de seguido se indica:

- **Finca nº 13:** superficie e bens afectados 2.675 m² solo rural forestal; e 97 ud árbore de ribeira mediana, folla de aprezo: 12.976,69 euros.
- **Finca nº 14:** superficie e bens afectados 5.360 m² solo rural forestal; e 213 ud árbore de ribeira mediana, folla de aprezo: 26.158,44 euros.”

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición interposto por María Carmen Pombo López en representación de Francisco Pombo López, de conformidade co acordo de alteración catastral das parcelas nº 13 e nº 14 con efectos desde o 15 de setembro de 2023.

Segundo.- De conformidade coa alteración catastral realizada, rectificar as superficies afectadas e as follas de aprezo das parcelas nº 13 e nº 14 como de seguido se indica:

- **Finca nº 13:** superficie e bens afectados 2.675 m² solo rural forestal; e 97 ud árbore de ribeira mediana, folla de aprezo: 12.976,69 euros.
- **Finca nº 14:** superficie e bens afectados 5.360 m² solo rural forestal; e 213 ud árbore de ribeira mediana, folla de aprezo: 26.158,44 euros.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición interposto por María Carmen Pombo López en representación de Francisco Pombo López, de conformidade co acordo de alteración catastral das parcelas nº 13 e nº 14 con efectos desde o 15 de setembro de 2023.

Segundo.- De conformidade coa alteración catastral realizada, rectificar as superficies afectadas e as follas de aprezo das parcelas nº 13 e nº 14 como de seguido se indica:

- **Finca nº 13:** superficie e bens afectados 2.675 m² solo rural forestal; e 97 ud árbore de ribeira mediana, folla de aprezo: 12.976,69 euros.
- **Finca nº 14:** superficie e bens afectados 5.360 m² solo rural forestal; e 213 ud árbore de ribeira mediana, folla de aprezo: 26.158,44 euros.

Contra o acordo anteriormente transcrito, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2024

O concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica

(PD. DEC/2023/8135 do 17 de xuño de 2023)

Asdo.: Iago Lestegás Tizón

2024/4357